

The background of the entire cover is a repeating pattern of birds and nests. The birds are depicted in various poses: some are perched on thin, dark branches with small pink buds, while others are in flight. The nests are made of dry grass and twigs, each containing three or four light-colored eggs. The color palette is soft, featuring shades of teal, light green, and off-white.

TRANSICIÓN ECOLÓGICA

MANUAL DE USO

Philippe Frémeaux
Wojtek Kalinowski
Aurore Lalucq

Traducción de Miguel Braña Montaña

9	Introdución
	A alternativa
13	Primeira parte
	Por que cómpre mudar de rumbo
15	1. E se Malthus finalmente tivese razón?
25	2. Benvidos ao Antropoceno
39	3. A globalización posta á proba pola transición ecolóxica
55	4. Por que os gobernos non fan o necesario?
65	5. Unha nova medición do progreso
81	Segunda parte
	As claves dunha sociedade sustentable
83	1. Do campo ao prato: comer ben, san e todos
99	2. Enerxías renovables: unha revolución industrial en curso
113	3. A mobilidade pódese volver sustentable?
125	4. O transporte aéreo poderá ser verde algún día?
135	5. A cidade concibida doutro xeito
145	6. Producir mellor para destruír menos
161	Terceira parte
	Reconciliar ecoloxía e economía
163	1. Gañar a batalla das ideas
187	2. Xerar a transición: mercado, Estado e planificación ecolóxica
201	3. O papel da cidadanía na transición
213	4. Unha nova relación co traballo e o emprego
225	5. Consumir menos sen renunciar ao pracer
237	Conclusión
	Razóns para a esperanza, razóns para actuar

INTRODUCCIÓN A ALTERNATIVA

Os autores desta obra non somos o tipo de persoas que se consideran máis profundas por anunciar o peor. Pola contra, compartimos a convicción, tanto en *Alternatives Économiques* como no Institut Veblen, de que a verdadeira lucidez consiste en buscar solucións e non en converterse no divulgador da catástrofe anunciada. Iso non quita que a humanidade afronte, neste comezo do século XXI, unha dicotomía decisiva: implicarse na transición ecolóxica mentres estea a tempo ou seguir a arremeter contra o muro coma se nada pasase, tendo como perspectiva un retorno á barbarie.

Está demostrado que, de seguirmos polo camiño actual, imos cara a un futuro que mete medo. As penurias de recursos que se anuncian e os efectos que van derivar do cambio climático provocarán crises de amplas consecuencias: guerras para controlar as derradeiras pingas de petróleo, vagas masivas de refuxiados climáticos, penurias de recursos alimentarios que multiplicarán as vítimas da desnutrición e das fames, e, por suposto, en reacción a estas transformacións, a exacerbación das tensións sociais que cambiarán por completo unhas democracias xa fráxiles por mor da crise económica e social.

Porén, o peor nunca é seguro. Aínda podemos conciliar o

necesario e o desexable coa condición de que rachemos coas lóxicas actuais. A chave non está en renunciar ao benestar, senón, pola contra, en propor unha nova visión do progreso que se afaste dun modelo económico cuxa resiliencia é nula, porque supón un consumo frenético de recursos non renovables e provoca unha desestabilización dos equilibrios climáticos que axiña será incontrolable.

Nesta obra, quixemos mostrar que existen solucións e que están ao noso alcance. Os obstáculos son numerosos, mais ao final remiten tanto á calidade das nosas democracias como ás dificultades materiais. Embarcar na transición ecolóxica é, a un tempo, un obxectivo e un método. Trátase de ir cara a unha sociedade na que a democracia se renovaríase e estenderíase, unha sociedade máis amable cos seus membros, menos desigual, máis preocupada polas necesidades de todas e cada unha das persoas. Xa vemos aquí que o proxecto de sociedade que cómpre construímos non se resume nun cambio do noso modelo económico e dos nosos modos de vida e consumo. Polo demais, esta é a condición para que sexamos quen de converter non só en aceptable, senón en desexable un modelo que volve pór no seu lugar o consumo de bens materiais para deixar campo libre a unha busca renovada do benestar, do bo vivir individual e colectivo.

PRIMEIRA PARTE

POR QUE CÓMPRE
MUDAR DE RUMBO

1. E SE MALTHUS FINALMENTE TIVESE RAZÓN?

A economía verde, entendida como unha economía realmente sustentable, ten por obxectivo fomentar un modo de desenvolvemento económico e social que permita aos homes e mulleres de hoxe viviren ben sen comprometeren o benestar daquelas persoas que vivirán mañá.

Por tanto, fomentar unha economía verde non é considerar a natureza como un todo alleo ao ser humano que habería que preservar por si mesmo, renunciando ao benestar que nos achegaron os avances técnicos. Ben ao contrario, trátase de concibir o ser humano como un elemento da natureza que inflúe na súa evolución e contribúe hoxe, cos seus comportamentos, a ameazar a perennidade da súa especie. Desde este punto de vista, a postura antiecolóxica que, no nome da denuncia dun naturalismo integrista, afirma que cómpre dar prioridade ao ser humano sobre a preocupación pola conservación a calquera prezo da natureza non é admisible xa que dar prioridade ao humano, hoxe, é precisamente loitar pola preservación dos recursos nos que se basea a vida. Se hai que respectar a natureza é porque a supervivencia da especie humana depende dela. Se non, Thomas Malthus podería acabar por ter razón.

Un crecemento económico a crédito

É coñecida a teoría deste economista inglés de comezos do

século XIX segundo a que, ao considerar que o crecemento dos medios de subsistencia era no mellor dos casos lineal mentres que o crecemento da poboación era exponencial, preveu un retorno rápido das fames, a menos que se reduza o número de nacementos. O tempo demostrou que estaba errado. O aumento dos rendementos e da produtividade na agricultura foi xeométrico, non aritmético, e resultou ser moito máis rápido có crecemento da poboación.

Desde xa hai máis de dous séculos, asistimos ao despregamento dun crecemento económico espectacular da produción nos países industrializados. Unha historia que non estivo exenta de crises e guerras. Ademais, no longo prazo, a esperanza de vida alongouse considerablemente mentres que a parte das nosas vidas dedicada ao traballo obrigado viuse reducida. En 1900 traballabamos até 150 000 horas durante unha vida activa, e, en contrapartida, hoxe xa só traballamos 60 000 horas, ao tempo que accedemos a formas de consumo incomparables coas que prevalecían daquela.

Por suposto, o crecemento foise freando nos países ricos nos últimos corenta anos, mais non sucede o mesmo a escala mundial. A alteración do crecemento observado en Europa e no Xapón e, en menor medida, nos Estados Unidos viuse acompañada dunha recuperación espectacular dos países denominados emerxentes, a comezar pola China. De aí que o produto interior bruto (PIB) mundial crecese nun 4 % anual nos últimos cincuenta anos. Dese crecemento resultou unha forte elevación do nivel de vida medio, cun fondo de desigualdades persistentes entre países e tamén dentro de cada un deles (estas últimas tenderon ademais a se agravar coa globalización).

Pode continuar esta tendencia? Non, porque se produciu en gran medida a crédito, consumindo o stock das enerxías

fósiles acumulado desde hai millóns de anos, extraendo sen límites os recursos pesqueiros, destruíndo os bosques, adoptando modos de produción agrícola que empobrecen de maneira dramática as terras de cultivo e abusan dos nosos recursos hídricos. A presión sobre os recursos provocada polos nosos modos de vida e consumo, lonxe de se reducir, foi progresivamente a peor nestes últimos anos. O consumo de enerxía por habitante pasou de 1,3 toneladas equivalentes de petróleo (tep) en 1972 a 1,8 tep en 2009 (2,5 tep/hab en Francia en 2011). E isto paralelamente a un veloz aumento da poboación mundial: mentres que eramos 3000 millóns en 1960, superamos os 7000 millóns en 2011. É certo que se observa unha baixada da intensidade enerxética do PIB na meirande parte dos países. Por exemplo, en Francia diminuíu un 1 % anual de 1990 a 2011: agora se consegue crear máis riqueza coa mesma enerxía. Mais, como o crecemento segue a ser continuado, o consumo de enerxía continúa medrando e, con el, as emisións de CO₂: as emisións por habitante alcanzaron as 5,5 toneladas en 2010, fronte as 3,11 toneladas en 1960, mentres que a poboación se duplicou nese mesmo período. De feito, o carácter aínda abundante das reservas de carbón e gas, así como o seu prezo limitado (aínda máis coa explotación dos gases e petróleos de xisto), contribúe na actualidade a frear os investimentos nas enerxías renovables. De aí a acumulación dos gases de efecto invernadoiro e o quecemento climático, xa considerado o principal motivo que debe levarnos a reorientar o noso sistema económico, sen agardar a que o esgotamento dos recursos do planeta nos obrigue a facelo.

Unha toma de consciencia demasiado lenta

A pesar de que as catástrofes anunciadas por Malthus aínda non se materializaron, foise impondo progresivamente a idea de que un crecemento material infinito non é posible nun mundo finito e cuns equilibrios precarios. No entanto, a toma de consciencia é moi lenta, pois, xa en 1972, o informe Meadows sobre *Os límites do crecemento* deu o sinal de alarma. Desde entón, tivemos numerosos encontros internacionais, a comezar polo Cumio da Terra de Río, en 1992, que puxo a cuestión do desenvolvemento sustentable na axenda internacional. Celebráronse múltiples conferencias e reunións, tanto de carácter local como mundial, e adoptáronse algunhas medidas sobre os CFC,¹ a biodiversidade ou o protocolo de Quioto en materia de loita contra o cambio climático. Numerosas rexións e concellos instauraron unha Axenda 21, destinada a ter máis en conta as esixencias dun desenvolvemento sustentable.² Malia algúns territorios, como as «cidades en transición», adoptaren medidas bastante radicais, seguimos con todo achegándonos ao muro a toda velocidade. Podería ser que Malthus finalmente tivese razón.

E é que custa adoptar as medidas necesarias para lograr unha economía realmente sustentable. A lóxica produtivista do «sempre máis» segue a ser a norma. Os avances espectaculares da produtividade permitiron diminuír de forma continua o prezo dos bens industriais e agrícolas, fomentando unha substitución rápida dos produtos e un consumo excesivo de alimentos, dos que un bo feixe remata no lixo. A

¹ Os clorofluorocarbonos (CFC), gases utilizados maioritariamente na industria da refrixeración, teñen un efecto destrutor sobre a capa de ozono.

² Iniciado co Cumio da Terra da ONU en Río, en 1992, este programa é elaborado polas colectividades territoriais e os actores locais para responder aos desafíos ambientais e establecer unha folla de ruta das accións que cómpre realizar. Véxase www.agenda21france.org.

consecuencia disto é un consumo material e enerxético excesivo. Vivimos na ilusión de que demos formado parte dunha sociedade de servizos porque este sector crea un 80 % dos empregos: comercio, educación, sanidade e coidados, cultura, lecer e turismo, construción, obras públicas, servizos financeiros, administracións, transportes, etc. Na práctica, así e todo, os nosos modos de vida e consumo nunca destruíran tantos recursos. Un comportamento fomentado polo feito de que os prezos non reflicten os custos reais dos riscos ecolóxicos. O prezo das materias primas, en situación de competencia, tende así ao seu custo marxinal de extracción. É certo no caso das enerxías fósiles, mais tamén no dos principais minerais, decote aínda dispoñibles a unha tarifa que fai pouco rendible o aumento da reciclaxe. O mesmo sucede co peixe ou cos recursos forestais.

Por tanto, o mercado non envía sinais positivos: os prezos dos recursos, a menos que se produza un accidente técnico, xeopolítico ou estratéxico, e a menos que os oferentes teñan capacidade para controlar o mercado e así maximizar a súa renda, seguen a ser relativamente baixos. No entanto, ha chegar o día no que a oferta xa non será quen de seguir a demanda. Entón observaremos unha explosión dos prezos que obrigará a humanidade a realizar axustes moi dolorosos e cheos de ameazas para a paz social (e para a paz, sinxelamente).

Sáirmos da ditadura do PIB

É por iso, para evitarmos o peor no futuro, polo que debemos implicarnos rapidamente no camiño dunha verdadeira economía verde, co obxectivo de aumentar a resiliencia da economía e, aínda máis, da nosa sociedade. Para logralo, cómpre que entendamos a economía doutro xeito, que

poñamos a cuestión dos recursos nun lugar central do noso sistema intelectual. A concepción da economía que prevaleceu até o momento valoriza fundamentalmente os fluxos e a acumulación de riqueza monetaria, sen se preocupar das consecuencias ambientais da actividade económica. Agora debemos adoptar unha visión «substancial» da economía, retomando o termo de Karl Polanyi.

Isto supón saírmos da ditadura do PIB e incorporarmos indicadores que midan concretamente como a actividade económica garante o benestar de cada persoa, como se satisfán as nosas necesidades básicas e con que consecuencias sobre o medio ambiente.

Máis concretamente, isto significa:

1. fomentar unha alimentación e unha agricultura realmente sustentables que beneficien a todas as persoas;
2. actuar para reducir radicalmente a nosa dependencia das enerxías fósiles e da nuclear, modificando as nosas cidades e os nosos modos de desprazarnos, para frear o quecemento climático;
3. impor unha reciclaxe xeneralizada e alongar a vida útil dos produtos, para privilexiar sistematicamente a conservación dos recursos e non o desbalde, de xeito que nos achegemos a unha economía circular;
4. fomentar o uso antes que a posesión dos bens sustentables, para limitar a produción;
5. privilexiar a produción de bens e servizos que adquiren máis valor cando todo o mundo se beneficia deles (a educación, por exemplo) e taxar os bens estatutarios, cuxa única función é afirmar a superioridade a respecto dos semellantes;
6. descentralizar a produción todo o posible, privilexiando

os circuítos curtos;

7. estender a democracia a todos os niveis, para civilizar a economía sen renunciar a vivir nunha sociedade aberta.

A necesaria transición demográfica

Os ecoloxistas non sempre asumen tratar a cuestión demográfica. Primeiro, por respecto das liberdades individuais: a decisión de ter ou non fillos é, ante todo, un asunto persoal, mesmo se as decisións tomadas polas mulleres e os homes neste tema teñen consecuencias colectivas. Mais outra razón pode levar a considerar a cuestión demográfica como secundaria. Non sería tanto o número de homes e mulleres presentes no planeta o que supón un problema, senón o xeito de consumir que teñen os máis ricos. Así, de podermos considerar excesivamente poboado un país na actualidade, ese non é Bangladesh senón os Estados Unidos, de resultas do modo de vida respectivo dos habitantes destes dous países. Con todo, o feito de que o crecemento da poboación mundial se free é, de calquera maneira, unha nova excelente, tendo en conta a presión sobre os recursos que imporá en calquera caso a satisfacción das necesidades dos 10.000 millóns de habitantes que podería albergar o planeta en 2050.

Por tanto, non se pode considerar a cuestión demográfica sen relacionala coa evolución dos nosos modos de produción e consumo. Se partimos da idea de que os países pobres teñen dereito a se desenvolver e que ese desenvolvemento toma a forma dunha adopción dos modos de vida dos países máis ricos, comezando polos EUA, xa somos demasiado numerosos, como amosa o indicador da pegada ecolóxica. Sen dúbida, é certo que sería posible satisfacer as necesidades básicas da humanidade se os gobernos decidisen adoptar as medidas recomendadas na segunda parte deste libro. Mais apenas optamos por esa opción ou o facemos con demasiada lentitude. Un bo motivo para militar a favor dun menor

TRANSICIÓN ECOLÓXICA

O cambio climático e o esgotamento dos recursos provocarán crises cada vez máis dramáticas se non reaccionamos con moita rapidez. A boa nova é que existen solucións e que non teñen por que ser punitivas: ao contrario, poden permitírnos vivir mellor.

Apostar pola transición ecolóxica non significa propor un simple reverdecemento do sistema actual, senón adoptar un novo modelo económico e social, que rompa coa ditadura do PIB. Un modelo que renove as nosas formas de consumir, producir, traballar e convivir; que favoreza o pracer, as relacións, o tempo libre; que permita e fomente a participación da cidadanía.



ECONOMÍA
SOCIAL



ECOLOXÍA

ISBN 978-84-945917-0-9



9 788494 591709